

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE XULLO DE 2017 POLA QUE SE ESTABECE O PREZO DE MATRÍCULA, NO CURSO 2017/2018, PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS, QUE NON TEÑA A CONDICIÓ DE RESIDENTE, EXCLUÍDOS/AS OS/AS NACIONAIS DE ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA E AQUELES/AS A QUEN SEXA DE APLICACIÓN O RÉXIME COMUNITARIO, TANTO EN GRAO COMO EN MÁSTER.

De acordo co establecido no decreto 65/2017, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2017/2018 (en adiante decreto de taxas), no seu artigo 2.5. compre que cada universidade do sistema universitario galego fixe un prezo, para o alumnado ao que se refire esta resolución, que oscilará entre o 25% e o 100% do custo de referencia para cada un dos epígrafes da tarifa primeira do anexo do decreto.

O custo de referencia quedou establecido no artigo 2.1. do Decreto 154/2012, polo que se fixaban os prezos de matrícula no curso 2012/2013, en 5.170,00 euros para as titulacións encadradas na epígrafe A) do anexo do decreto, e 3.650,00 euros para as titulacións encadradas na epígrafe B) do dito anexo.

Vista a *Estratexia de Internacionalización da Universidade de Vigo*, aprobada por Consello de Goberno, que pretende, entre outros obxectivos, a mellora dos procesos de captación dos estudantes estranxeiros.

Dados os compromisos xa acadados co alumnado estranxeiro, en canto á información proporcionada para solicitudes de preadmisión e cara á xestión de bolsas, visados, divisas e outros documentos necesarios para a súa incorporación a estudos de grao e máster ofertados por esta universidade.

Tendo en conta a potencial perda de alumnos en moitos másteres, que poderían ver comprometida a obtención do número mínimo de estudantes para que poidan ser impartidos.

Esta Reitoría

#### RESOLVE

Establecer para o alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos/as os/as nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles/as a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, tanto en grao como en máster, para o curso 2017/2018, un prezo de matrícula equivalente aos establecidos para cada un dos epígrafes da tarifa primeira do anexo do decreto de taxas, incrementado nun 25%. Exceptúanse deste incremento os prezos contemplados no apartado 4 da tarifa primeira.

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201700012303  
27/07/2017 12:20:33

Dito incremento atopase dentro do intervalo establecido no artigo 2.5. do decreto de taxas para o curso 2017/2018, é dicir, entre o 25% e o 100% do custo de referencia, ao que se refire o parágrafo segundo desta resolución.

Quedan especificamente eximidos da aplicación deste incremento os beneficiarios das Bolsas de Excelencia para a mocidade exterior convocadas pola Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar dende o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Vigo, 27 de xullo de 2017



Salustiano Mato de la Iglesia

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO  
VICERREITORA DE ESTUDANTES  
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS  
SECRETARIA XERAL  
XERENTE  
DECANAS E DECANOS E DIRECTORAS E DIRECTORES DE TODOS OS CENTROS  
XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE ESTUDOS DE GRAO  
XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN DE ESTUDOS DE POSGRAO  
XEFA DO SERVIZO DE AXUDAS AO ESTUDOS, BOLSAS E PREZOS PÚBLICOS  
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO  
XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN  
DIRECTORA DE ÁREA DE POSGRAO  
ADMINISTRADORAS E ADMINISTRADORES DE CENTROS  
XEFAS E XEFES DE ÁREA ACADÉMICA DE TODOS OS CENTROS  
RESPONSABLES DOS REXISTROS  
XEFAS E XEFES DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE  
XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL